

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 4 DE SETEMBRO DE 1995.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día catro de Setembro de mil novecentos noventa e cinco; ás sete do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTAS ANTERIORES.-

Os membros da Comisión Municipal de Goberno presentes, aproban, por unanimidade os borradores das Actas das sesións anteriores, que foron as celebradas os días: 31 de Xullo; 24 e 28 de Agosto.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concedese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen perxuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resulta da definitiva, por unanimidade:

A **Don Celso González Rodicio**, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Hnos. Alvarez Arújajo, 33, para que nun inmoible sito no devandito lugar, poida proceder á execución de cambio de cuberto así coma rematados interiores; as obras axustaranse ó proxecto presentado sen varia-las aliñacións establecidas; solicitará licencia de primeira ocupación; depositará unha fianza de 100.000 pts. para responder dos posibles danos na vía

pública; previo ó comezo das obras nomearase o Aparellador que considere para a dirección da obra. A validez desta licencia e de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construccións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 364.091 pesetas.

3.- ESCRITOS SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito presentado por Don Roberto Janeiro, en representación de Ungria Patentes y Marcas S.A., CONSERVERAS DEL NOROESTE, S.A., con domicilio en Vilaboa, da provincia de Pontevedra, no que interesa a utilización do logotipo que detalla no escrito, co nome de Ventosela, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda concede-lo interesado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes semanais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de Ribadavia e de San Paio.

Do Goberno Civil de Ourense, comunicando incoación establecemento público, expediente 437/95.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da certificación nº 1, da obra denominada: "CAPTACION E ABASTECIMIENTO DE AUGA A RIBADAVIA (FASE PRIMEIRA), por importe de 6.665.043 pesetas; o aboamento farase con cargo ás aportacións seguintes : Estado, 4,95%; Concello 22,55%; FEDER (MAP), 13,05%; e FEDER (Ad. Local), 59,45%.

NESTE INTRE, O CONCELLEIRO DON AMANDO MARTINEZ DEAÑO, ABANDO A SESION , POR SER PARTE INTERESADA DA OBRA QUE DE SEGUIDO VAI A APROBAR ESTA COMISION.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a

aprobación da certificación "Liquidación", da obra denominada "REFORMA DO ALUMEADO PUBLICO EN SAN PAIO, 1ª FASE", por importe de 534.501 pesetas.

UNHA VEZ TOMADO O ACORDO ANTERIOR, REINCORPORASE O CONCELLEIRO SR. MARTINEZ DEAÑO A PRESENTE SESION.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento a conta, á empresa LORMAN, Producións Artísticas de 620.000 pesetas, pola montaxe de luz e son con motivo da XI Mostra Internacional de Teatro.

Con motivo dun campamento en Girona (Bañoles), organizado polo Servicio Municipal de Deportes e, en concepto de axuda ó mesmo por aloxamento, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o derradeiro pagamento por importe de 562.820 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da certificación da obra "Obras Interiores no Pavillón Polideportivo" desta Vila, por importe de 553.112 pesetas.

E sendo as sete e media do serán, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.